

Ditames Comisión asesora PEPRI entre o 01/07/2022 e o 30/09/2022

1. Avenida Marina, núm. 9 e praza María Pita, núm. 20

Nivel de protección: I Monumental. Ficha núm. 9023202. (Conxunto da Praza de María Pita)

Actuación proxectada: Reformar o interior do local para implantar unha cafetería

Obxecto da consulta: Viabilidade dos rótulos a instalar, consonte o recollido no ditame anterior e se é autorizable instalar o contador da auga no machón.

Ditame:

Infórmase favorablemente a reforma que se proxecta baixo as condicións seguintes:

- O contador de auga que se instale no machón non pode afectar á sillería.
- Deberá taparse cun elemento de madeira pintada na cor da fachada.
- Os rótulos terán as dimensións e materiais previstos na normativa.

2. Rúa Panadeiras, núm. 55

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8825004

Actuación proxectada: Rehabilitar e ampliar o edificio de Juan de Cíórraga de 1912.

Obxecto da consulta: Se a formación da cuberta consonte o alegado resulta autorizable; así coma as ventás de aluminio no patio e na fachada posterior e a configuración mesma desta; instalar rochos no portal o mudar o uso do local comercial e da permanencia dunha vivenda interior, incompatible coa normativa de habitabilidade.

Ditame:

As obras que se proxectan infórmanse desfavorablemente:

- O elemento de pedra que se constatou na fachada sinala a existencia na configuración orixinal do edificio dun cerramento lixeiro que se ten que recuperar, e polo tanto o cerramento que se proxecte terá que ser destas características.
- O artigo 115 do PEPRI establece que nos edificios catalogados só se autorizará a carpintería exterior de madeira, neste caso o edificio conta con protección de nivel ambiental, polo que a carpintería será de madeira pintada.
- A cuberta, neste caso no que se desmonta a existente porque se constrúe unha nova planta deberá axustarse á tipoloxía establecida no artigo 97, e o cumio da cumbrera terá que estar centrado.
- O acristalamento das galerías deberá ser sinxelo, xa que se trata dun elemento que voa sobre o muro da fachada, e polo tanto o illamento debe realizarse no muro de fachada do edificio e non neste elemento.

- As novas vivendas que se implanten teñen que cumprir coas normas de habitabilidade das vivendas de Galicia.

3. Rúa Real, núm. 39

Nivel de protección: IV Ambiental. .Ficha núm. 8823008.

Actuación proxectada: Rehabilitación do edificio.

Obxecto da consulta: Avaliación da formación da galería na fachada ao eliminaren o muro de fachada e do acristalamento da planta baixa.

Ditame:

O documento que se presenta para informar ten un grao de indefinición tal que impide emitir un ditame respecto do cumprimento da normativa polo que se informa desfavorablemente en tanto non se emende nos seguintes aspectos:

- A intervención no soto, que se recolle desvencellada da implantación do ascensor, estará vencellada ao que resulte da intervención arqueolóxica, sen prexuízo disto, o documento definirá e xustificará o cumprimento da normativa de accesibilidade logo de proxectar un ascensor que non chega ao soto e a eliminación da escaleira.
- A galería ten que dispoñerse sobre o muro da fachada, que se elimina, como corpo acristalado voado que se dispón sobre esta. O acristalamento desta será simple e o illamento se disporá no muro da fachada.
- Deberá achegarse a documentación relativa a escaleira de comunicación e acceso ás vivendas, que non se define.
- Achegarse a reportaxe fotográfica e a xustificación do estado e a necesidade de substituír cada peza do forxado.
- Deberán achegarse os planos do alzado da fachada e de detalle dos ocos que se proxectan na planta baixa, que deberán reproducir os do edificio orixinal e harmonizar cos do resto da fachada.
- Os cercados de cantería da fachada orixinal teñen que ser recuperados, neste caso, cómpre lembrar que o artigo 106.3 prohibe expresamente utilizar o chapado de pedra.

4. Rúa Cantón Pequeno, núm. 18

Nivel de protección: II Integral .Ficha núm. 8420022

Actuación proxectada: Obras de conservación e mantemento.

Obxecto da consulta: Alegacións ao Ditame do PEPRI sobre a obriga de eliminar o rótulo sobre o cuberta do edificio.

Ditame:

Consonte o establecido nos artigos 44 do PEPRI e 6.8.8 do PXOM non se permite rótulos sobre as cubertas dos edificios, polo que se as obras que se proxectan para manter e conservar a fachada deste supón a desmontaxe ou intervención no rótulo, este non pode instalarse novamente senón que será eliminado.

Tamén no caso de proxectar obras que se excedan da conservación e mantemento do existente, a obriga de eliminar os rótulos sobre a cuberta é esixible.

5. Rúa Panaderas, núms. 14-16

Nivel de protección: IV Ambiental Ficha núm. 8926121 e 8926122. (PE)

Actuación proxectada: Rehabilitación, unión funcional e ampliación de dous edificios.

Obxecto da consulta: Avaliar a nova proposta da galería para cumprir a obriga da súa custodia.

Ditame:

As obras proxectadas e a galería que se presenta acomópanse co nivel de protección ambiental e coas esixencias do Plan especial, polo que se informan favorablemente.

6. Rúa Picos, núm. 8

Nivel de protección: Sen protección

Actuación proxectada: Abrir ocos na fachada lateral

Obxecto da consulta: Avaliar a composición da fachada cos ocos proxectados.

Ditame:

A apertura de ocos na fachada do edificio baixo o mural municipal supón a desaparición desta para establecer o acceso ao local desde o espazo público, o que non é compatible co elemento público de soporte da vexetación e afecta á rampla construída polo concello para garantir a mobilidade das persoas con eivas de mobilidade e á iluminación pública, polo que este proxecto debe ser sometido ao informe previo do Servizo de Infraestruturas.

Para avaliar a incidencia dos ocos que proxectan coa situación do mural do paramento, deberá presentarse un documento gráfico que permita avaliar o resultado final da intervención.

Para dispor os toldos que se proxectan deberá obter previamente a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio.

Para dispor mobiliario sobre a vía pública deberá obter, previamente, a autorización do uso do espazo público, que solicitará ao Servizo de Mobilidade.

7. Rúa San Andrés, núm. 4

Nivel de protección: Sen catalogación.NP (B+4)

Actuación proxectada: Construír un edificio.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta da fachada.

Ditame:

Os vaciados que se proxectan na cuberta do edificio contraveñen o establecido no artigo 97 do PEPRI que regula a tipoloxía de cuberta, polo que non resultan autorizables.

Este edificio non conta con protección singular e non está catalogado, malia isto, linda cun edificio catalogado e localízase cun fondo de perspectiva visible desde a rúa Torreiro, polo que o tratamento da fachada ten que axustarse ás condicións estéticas do artigo 104.3 do PEPRI e concordantes.

Respecto da galería, deberá achegarse un estudio que conteña o análise da evolución da galería e presentar unha proposta que a integre no entorno.

Polo que, sen prexuízo de avaliar o proxecto que recolla a solución das eivas sinaladas, as obras que se proxectan infórmanse desfavorablemente.

8. Rúa Vista, núm. 28 - baixo.

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8422122. TB

Actuación proxectada: Reforma de local en planta baixa sen uso definido para alugar, con adecuación da fachada.

Obxecto da consulta: Compatibilidade da proposta de recuperación a fachada co ordenamento.

Ditame:

O deseño da carpintería que se proxectan contravén a establecida no artigo 115 do PEPRI, polo que se informa desfavorablemente.

Deberá estudarse un deseño máis sinxelo e sobrio compatible coas previsións da dita norma.

9. Rúa Herrerías, núm. 24 - baixo

Nivel de protección: III Estrutural. 9324306. TA.

Actuación proxectada: Reforma interior vivenda.

Obxecto da consulta: Admisibilidade de modificar o portón dispor unha ventá que facilite a ventilación.

Ditame:

O sistema de apertura das portas existentes que se solicita non resulta compatible coa conservación dos seus elementos característicos destas; rexeiría e panos, e desharmornizará co conxunto das carpintarías das outras portas nas que non se intervén, polo que cómpre requirir o estudo doutros sistemas máis compatibles, como o da apertura independente dos panos acristalados por medio de bisagras, entre outros.

10. Rúa Santa Catalina, núm. 26 - baixo.

Nivel de protección: V Interese ambiental. 8421230

Actuación proxectada: Instalación de máquinas *vending*.

Obxecto da consulta: Compatibilidade desta instalación coa protección ambiental de conxunto.

Ditame:

A protección ambiental do conxunto no que se localiza este edificio esixe que se presente unha proposta que harmonice as cores dos elementos a dispór, o rotulado e a cartelería de publicidade co resto da planta baixa, consonte o disposto nos artigos 107 e concordantes do PEPRI.

11. Rúa Panaderas, núm. 53 - baixo

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8423410. TF

Actuación proxectada: Pintar a fachada e restituír carpintarías orixinais.

Obxecto da consulta: Avaliar o tratamento da pedra e as características do rótulo.

Ditame:

As obras que se proxectan infórmanse favorablemente sempre que se cumpran as condicións seguintes:

- A pedra tratarase con cal e remate con revoco branco mate na mampostería que non pode quedar vista, e na sillería cunha simple limpeza da pedra.
- Os rótulos teñen que axustarse, na forma, materiais cores, tamaño e posición ao establecido nos artigos 124 e 125 do PEPRI.

12. Rúa Nova, núm. 28 - 2º

Nivel de protección: IV Ambiental . Ficha núm. 8522232

Actuación proxectada: Reforma interior de vivenda

Obxecto da consulta: Compatibilidade da eliminación de tabiques e cambio de cuartos húmidos co nivel de protección.

Ditame:

A reforma que se proxecta resulta compatible co nivel de protección ambiental e coa normativa de aplicación polo que se informa favorablemente.

13. Avenida Mariña, núm. 30 – rúa Real, núm. 67

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm.8622409. TB

Actuación proxectada: Cambio de uso de residencial a hoteleiro.

Obxecto da consulta: Admisibilidade da modificación do alzado do baixo que dá á Avenida da Mariña, co informe do arqueólogo.

Ditame:

O alzado que se proxecta resulta compatible coas previsións do catálogo e a normativa do PEPRI, polo que as obras resultan autorizables.

14. Rúa Panaderas, núm. 37

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8825013

Actuación proxectada: Rehabilitar o exterior do edificio e reformar a vivenda do 3º.

Obxecto da consulta: Se a fachada e a cuberta proxectadas son autorizables e implantar unha terraza na cuberta da planta baixa.

Ditame:

A intervención que se proxecta na fachada deste edificio non se acomoda co réxime de protección ambiental do edificio nin co previsto nos artigos 111 e 112 do PEPRI, toda vez que os ocos non respectan o eixo e non harmonizan co resto da fachada, polo que se informa desfavorablemente.

Pola outra banda, as portas serán de madeira e deberán recuperarse os recercados de pedra da fachada orixinal deste edificio.

15. Rúa Estreita de San Andrés, núm. 18 - 4º

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8725502.

Actuación proxectada: Reforma interior de vivenda.

Obxecto da consulta: Viabilidade de construír un balcón sobre a cuberta da galería e modificar os ocos da fachada para mudar ventás por portas para acceder á terraza que se proxecta.

Ditame:

A proposta que se presenta para construír un balcón sobre a galería catalogada non pode admitirse porque desvirtúa este elemento protexido nun edificio que conta con protección de nivel estrutural.

Para acceder a este balcón prevese intervir na escaleira e intervir en elementos de carácter estrutural que non son autorizables nun edificio destas características.

O balcón do edificio lindeiro, ao que se refire a proposta, é un balcón da planta ático que non ten relación co obxecto deste proposta.

Polo que se informa desfavorablemente.

16. Praza María Pita, núm. 1

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8422122. TB

Actuación proxectada: Restaurar a vidreira artística do lucernario da escaleira do Palacio Municipal

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta presentada.

Ditame:

O proxecto que se achega para restaurar a vidreira da Escaleira de honor do pazo de María Pita infórmase favorablemente coas condicións seguintes:

- As cores dos novos elementos deberán entonar cos fondos dos vidros antigos.
- Non lugar secundario a vidreira deberá inserirse unha referencia á data de restauración desta.

17. Mercado Municipal - Praza San Agustín, núm. 1

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8925001

Actuación proxectada: Reforma da planta soto do Mercado Municipal.

Obxecto da consulta: Dispor reixas nas fachadas para as saídas da ventilación e climatización, coas modificacións suxeridas no ditame anterior.

Ditame:

A modificación que se presenta respecto da disposición das reixas de ventilación na fachada do edificio infórmase favorablemente.

18. Rúa San Andrés, núm. 148 - 4º A

Nivel de protección: V Interese Ambiental. Ficha núm.: 8321202.

Actuación proxectada: Rehabilitar unha galería.

Obxecto da consulta: Substituír os bastidores.

Ditame:

A substitución dos bastidores que se solicita aparece debidamente xustificada pole estado actual de conservación polo que se informa favorablemente.

19. Praza España, núm. 14

Nivel de protección: non catalogado

Actuación proxectada: Construír un novo edificio con galería

Obxecto da consulta: Xustificacións da compatibilidade da galería.

Ditame:

A galería que se proxecta aparece xustificada, e a nova documentación acredita o cumprimento do artigo 102 e 143 do PEPRI.

20. Praza Maria Pita, núm. 4

Nivel de protección: Integral. Ficha núm.: 9124403.

Actuación proxectada: Colocación de Lona de obra sen publicidade.

Ditame:

A lona que se proxecta informase favorablemente toda vez que reproduce o edificio e non deturpa o entorno urbano.

Deberá retirarse no intre en que o estado de execución das obras o permita.

21. Praza María Pita, núm. 1

Actuación: Intervención no Pazo municipal para mitigar o gas radon na estancia da conserxaría municipal

Obxecto da consulta: Memoria avaliada de mitigación do radon nas dependencias municipais no Pazo de María Pita.

Ditame:

Neste caso, a intervención municipal ten por obxecto mitigar o gas radon nas dependencias destinadas á conserxería municipal, de xeito que se continúan as actuacións destinadas á seguridade do edificio para mitigar as emisións do gas radon xa relaizadas noutras dependencias lindeiras, polo que se informa favorable coas condicións xa recollidas nos ditames anteriores.

22. Rúa Panadeiras

Nivel de protección: Mobiliario urbano, elementos núm.A10, A11, A12.

Actuación proxectada: Remodelación rúa Panaderas

Obxecto da consulta: Mudar a localización do elemento catalogado A10 ao adro do convento das Capuchinas.

Ditame:

Para avaliar axeitadamente as obras que se proxectan deberá requirírselle ao técnico redactor do documento técnico que achegue a seguinte documentación:

- Plano de alzado do conxunto que recolla os edificios catalogados e permita avaliar o impacto das obras na contorna destes.

- Plano de alzado que permita avaliar a presenza da nova marquesiña nesta contorna e a súa localización.
- Reprodución da marquesiña en 3D ou montaxe desta consonte a súa ficha técnica.
- Reportaxe fotográfica da praza que permita estudar a localización da marquesiña e da farola.

Na elaboración da dita documentación se deberá ter en conta o seguinte:

- A farola non debe instalarse no adro da igrexa, sen prexuízo de que se solicite o informe sobre a titularidade deste espazo, porque se descontextualiza e perde a coherencia da contorna.
- As árbores deben ter un porte e características axeitadas que permitan e sexan compatibles coa percepción dos edificios catalogados, que deben ter preferencia na remodelación do conxunto.

23. Rúa Panadeiras, núm. 59 - baixo

Nivel de protección: V Ambiental de conxunto. Ficha núm. 8825002

Actuación proxectada: Reformar o local destinado a comercio de alimentos.

Obxecto da consulta: Se é admisible abrir un oco na fachada deste edificio para a saída de gases filtrados mediante condensadores.

Ditame:

Tendo en conta que o edificio está catalogado cun nivel ambiental de conxunto e que a posición do elemento de evacuación está recuada no lateral sen afectar ao carácter do edificio, pode manterse sempre que se trate coa pintura da fachada e quede acreditada que a instalación se xusta á normativa e dispón do contrato de mantemento para garantir que o aire que sae sexa sempre limpo.

24. Rúa Real, núm. 60

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8622320

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio.

Obxecto da consulta: Responder ás alegacións que presentou a interesada contra o ditame da Comisión sobre o uso do zinc na cuberta e dar conta do resultado da visita do técnico municipal.

Ditame:

Respecto das alegacións que se achegan sobre o uso do cinc, o artigo 118 do Plan especial é taxativo: As cubertas de cinc só se utilizarán en edificios catalogados que as tiveran na súa orixe, e poderán ser autorizadas excepcionalmente fóra do Conxunto histórico e o seu contorno en razón da súa singularidade histórica ou de posición, o que non é o caso, polo que cómpre rexeitar a proposta, e reiterar que as cubertas deben rematarse con tella curva sobre a uralita, que é a que resolve a estanqueidade, tendo a tella só unha función decorativa.

Pola outra banda, segundo se fai constar, admítase a adaptación voluntaria da cuberta á normativa (artigo 99 do PEPRI), segundo a disposición sinalada para a planta ático.

Consonte informou a arquitecta municipal respecto da visita de inspección do edificio, nomeadamente o mal estado da escaleira e o interese particular do muro divisorio de carpintaría de madeira, infórmase favorablemente a comunicación vertical que se proxecta e o interese de que se conserve o dito paramento de madeira que pode reutilizarse (como paramento da galería, por exemplo).

25. Rúa Franxa, núm. 24 - 3º

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8924009

Actuación proxectada: Reforzar a estrutura do edificio consonte a orde de execución municipal ditada no procedemento de deficiencias.

Obxecto da consulta: Responder ao escrito de alegacións da interesada contra o ditame da comisión porque as obras non son para unha intervención integral senón para reforzar a estrutura segundo ordena o Concello.

Ditame:

Logo de avaliar o contido das alegacións, a Comisión considera que deben admitirse.

26. Rúa Franxa, núm. 24 - 3º

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8924009

Actuación proxectada: Reformar a vivenda do 3º andar.

Obxecto da consulta: Precisar respecto do anterior ditame o alcance da intervención previa na estrutura deste edificio.

Ditame:

A reforma que se proxecta, coas condicións recollidas no ditame anterior sobre a obriga de conservar os elementos protexidos, infórmase favorablemente, sen prexuízo de que as obras non poden iniciarse en tanto non rematen as obras de intervención na estrutura do edificio.

27. Rúa Cantón Pequeno, núms. 18-21, entreplanta

Nivel de protección: II Integral Ficha núm. 8420022.

Actuación proxectada: reforma interior oficinas BBVA.

Obxecto da consulta: Condicións das obras.

Ditame:

A reforma interior que se proxecta, coas condicións recollidas, infórmase favorablemente.

28. Rúa Orzán, núm. 89 - 1º D

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8423401

Actuación proxectada: Construír un edificio.

Obxecto da consulta: Condicións para intervir nos elementos das carpintarías das fachadas.

Ditame:

Logo de avaliar as características da ferraxería das carpintarías exteriores das ventás deste edificio, cómpre informar que deberá tratarse coa mesma cor daquelas e polo tanto, disporse nun material que permita a pintura e un mellor mantemento contra a ferruxe.

29. Rúa San Agustín, núm. 30 - 2º

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 8825420. AC Envolvente cuberta

Actuación proxectada: Pintar a galería da fachada principal e a posterior.

Obxecto da consulta: Xustificacións para eliminar os elementos desconformes deste edificio: a escaleira metálica exterior da galería posterior, e a cuberta da terraza posterior.

Ditame:

A intervención na galería que se proxecta obriga a eliminar os elementos desconformes, polo que se informa favorablemente esta intervención baixo a condición de que se elimine a caixa de seguridade que deturpa a carpintería daquela galería.

30. Avenida Mariña, núm. 26 - baixo

Nivel de protección: IV Ambiental. 8622413. TB.

Actuación proxectada: Instalar máquinas de autoventa na planta baixa.

Obxecto da consulta: Compatibilidade das obras que se proxectan na fachada coa protección ambiental deste edificio.

Ditame:

Logo de avaliar a configuración particular deste edificio, que conta unicamente con este local en planta baixa, infórmase favorablemente o acondicionamento desta que se proxecta.

31. Rúa Amargura, núm. 5 -2º

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 9223202.

Actuación proxectada: Reformar o interior da vivenda.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer.

Ditame:

A reforma que se proxecta, toda vez que non afecta á estrutura do edificio nin aos elementos catalogados, infórmase favorablemente.

32. Rúa Cantón Grande, núm. 4

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8421312.

Actuación proxectada: Reformar o oco da fachada.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer para intervir na rexería.

Ditame:

Infórmase favorablemente a intervención na reixaría da fachada que se solicita coa condición de que se manteña e conserve o mesmo deseño e material existentes.

33. Rúa Anxo, 19

Nivel de protección: III: estrutural. Ficha núm. 8824402.

Actuación proxectada: Substituír a estrutura existente de vigas de madeira por vigas de aceiro.

Obxecto da consulta: Compatibilidade coa protección estrutural.

Ditame:

Considerando que se xustifica a substitución dos elementos puntuais da estrutura deteriorados, infórmase favorable a intervención que se proxecta coa condición de que se coloque o aceiro na mesma posición que tiñan as vigas de madeira, sen modificar a estrutura especificamente protexida.

34. Rúa Estreita de San Andrés, núms. 9 - 11

Nivel de protección: sen protección o edificio 9 e IV Ambiental o 11. Ficha, núm.8724306 (TB).
Visita de inspección.

Actuación proxectada: Derruba parcial e rehabilitación destes edificios para construír 6 vivendas e un local.

Obxecto da consulta: Compatibilidade das obras proxectadas coa protección ambiental e estudar as solucións do verquido das augas na configuración da cuberta que se proxecta.

Ditame:

Infórmase favorablemente o proxecto que se achega coa solicitude de derruba e rehabilitación sen prexuízo do que resulte da intervención arqueolóxica que deberá executarse previamente e que pode determinar modificacións.

35. Rúa Sinagoga, núm. 14 - 1º

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 9423107.

Actuación proxectada: Reformar o interior da vivenda

Obxecto da consulta: Eliminar o lavadoiro da galería e admisibilidade de manter as galerías posteriores.

Ditame:

Consonte o artigo 115.1 pfo.4º, nos edificios catalogados autorizaranse exclusivamente carpintaría exterior de madeira pintada.

Neste caso no que se proxecta executar unha rehabilitación integral da planta, na galería da parte posterior pode simplificarse o deseño.

36. Rúa Juana de Vega, núm. 27

Nivel de protección: Sen protección. (Obra do arquitecto Joaquín Basilio Blas-1971-)

Actuación proxectada: Substituír parte do revestimento.

Obxecto da consulta: Viabilidade da colocar granito silvestre abuxardado na fachada.

Ditame:

Segundo recolle o parágrafo 5º do artigo 106 do Plan Especial, en edificios existentes do patrimonio arquitectónico non catalogado, manteranse os materiais autorizados, e segundo os parágrafos 2 e 3 e procederase á progresiva substitución dos acabados de parámetros prohibidos.

O artigo 106 do PEPRI que establece os acabados e materiais das fachadas dispón:

Admítense para as novas edificacións:

- a) Enfusado e revoco.
- b) Fachadas mixtas de pedra e revocos.
- c) Fachadas de pedra vista con solucións construtivas de cantería ou perpiaños.

Prohíbense explicitamente:

- O chapado de pedra.
- Os revestimentos cerámicos ou vitrificados.
- O formigón visto.
- Os bloques de formigón.
- Os paneis prefabricados de calquera material que sexa.
- Os revestimentos de imitación de revocos.
- A cachotería sen revestir.

Por todo o antedito, a intervención da fachada con aplacado de pedra que se proxecta resulta inadmisíbel en aplicación da normativa.

37. Rúa Juana de Vega, núms. 29 - 31

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Rehabilitar a fachada co sistema SITE.

Obxecto da consulta: Compatibilidade do tratamento SITE coa tipoloxía da fachada que conta coas ventás a pano ou enrasadas nos muros daquela.

Ditame:

O sistema para illar a fachada do edificio que se solicita é incompatible coa tipoloxía arquitectónica deste, de vidro e formigón, coa ventás totalmente a pano ou enrasadas na fachada, polo que se informa desfavorablemente.

38. Rúa Príncipe, núms. 6-8

Nivel de protección: Príncipe 6, III Estructural .Ficha núm:9322003NJ4092S), e Príncipe 8, II Integral. Ficha núm.(9322004NJ4092S).

Actuación proxectada: Repoñer a legalidade para axustar o edificio á licenza concedida o 16.10.2006, e as condicións de protección da Muralla Histórica.

Obxecto da consulta: Condicións para aplicar a solución de fachada que impón a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Ditame:

A Comisión, logo de ler o contido da última resolución e autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 24-08-2022, toma coñecemento dela e ratifícase nas consideracións do seu anterior ditame de data 21-06-2022.

Os membros designados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades abstéñense de pronunciarse.

39. Rúa Álvaro Cebreiro, núm. 20

Nivel de protección: III Estructural. Ficha núm. 8724047.

Actuación proxectada: Rehabilitar a fachada principal do edificio en mal estado.

Obxecto da consulta: Se resulta admisible modificar a licenza que se concedeu para o novo remate da cuberta que se proxecta.

Ditame:

O remate da cuberta que se executou modificando a que se autorizou consonte a licenza que se concedeu, infórmase desfavorablemente, xa que presenta un voladizo excesivo sobre a galería que impacta negativamente e supón a disposición dun elemento alieo a este edificio que conta con protección de nivel estrutural, polo que vulnera o establecido nos artigos 70 e 79 do PEPRI e debe ser eliminado e axustando a cuberta á que foi autorizada.

Dáse traslado ao Departamento de Disciplina Urbanística aos efectos de tramitar o procedemento destinado a repoñer a legalidade.

40. Rúa Panaderas, núm. 37

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8825013

Actuación proxectada: Rehabilitar o exterior do edificio e reformar a vivenda do 3º.

Obxecto da consulta: Se a nova configuración do andar baixo da fachada principal (TB) que se proxecta é compatible coa normativa, e se os ocios do andar primeiro que se solicitan na fachada posterior, e dispoñer unha cuberta inclinada en plana transitable mudando a existente, resultan autorizables.

Ditame:

A nova configuración que se proxecta infórmase desfavorablemente.

A galería como tal debe respectar as súas características propias, o que non se acomoda cunha porta para saír sobre a uralita disposta baixo esta, que é un elemento descontextualizado que non pode modificarse nin consolidarse, polo que debe eliminarse.

41. Praza das Atochas, núm. 5

Nivel de protección: IV Ambiental .Ficha núm. 9127403

Actuación proxectada: Reformar e ampliar o edificio, e instalar un ascensor.

Obxecto da consulta: Se a configuración da fachada que se proxecta é autorizable.

Ditame:

A configuración da fachada que se proxecta infórmase desfavorablemente. Para rehabilitar este edificio deberá emendarse o documento técnico de xeito que as novas plantas reproduzan exactamente as características, dimensións e ritmos das inferiores, e a crestería situada agora sobre a terceira planta (2º andar) deberá subirse e colocarse na nova cornixa de coroación do edificio.

42. Rúa Picos, núm. 8

Nivel de protección: Sen protección-

Actuación proxectada: Abrir ocos na fachada lateral.

Obxecto da consulta: Avaliar a composición da fachada cos ocos proxectados e o mural:

Ditame:

Logo de avaliar o documento que se achega, a Comisión reitera o contido dos ditames anteriores, o mural debe permanecer intocable en todos os seus elementos incluídos os textos dos agradecementos.

Os ocos que se proxectan non se acomodan co carácter da parede medianeira de que se trata, que ten que prevalecer. Por outra banda, o acceso principal do local debe manterse o existente desde o viario público e non proxectarse na medianeira, polo que se informan desfavorablemente.

Os ocos deben reducirse aos mínimos prácticos da actividade, simplificándoos e mantendo a proporción e o centro co mural que se protexe.

43. Mercado municipal – Praza San Agustín, núm. 1

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8925001

Actuación proxectada: Acondicionar as persianas dos postos exteriores do mercado.

Obxecto da consulta: Estudo das cores da fachada.

Ditame:

A intervención infórmase favorablemente, pero debe subliñarse que a cor verde está reservada para os elementos estruturais horizontais como o zócalo, e os verticais deberán tratarse preferentemente coas cores de gamas brancas ou aceiro, nomeadamente no mantemento das carpintarías das ventás.

As persianas poden deixarse de cor verde sempre que se garanta a harmonía do conxunto con respecto á combinación de cores que caracterizan o edificio, considerando que se trata dunha intervención de conservación e mantemento.

44. Rúa Zapatería, núms. 7 - 9

Nivel de protección: Ambiental. Ficha núm.9323225

Actuación proxectada: Reconstruír o edificio.

Obxecto da consulta: Alturas autorizables e estudo das cornixas de pedra que se presentan.

Ditame:

A altura autorizable no edificio é a recollida na ficha do catálogo do PEPRI que lle corresponde, debendo lembrarse que a planta ático é unha planta máis.

Na rehabilitación deberán respectarse e manterse os perpiaños de cantería e os elementos que caracterizan a fachada deste edificio.

As cornixas das galerías serán de madeira e estas respectaran as súas características orixinais, polo que as obras que se proxectan na documentación presentada infórmanse desfavorablemente.